



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

**Resolución do 26 de setembro de 2022, pola que se da publicidade do resultado da fase de prácticas prevista na base terceira-A.3 das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo, do resultado final do proceso selectivo e da proposta de nomeamento de funcionarios de carreira ordenada por orde de puntuación.**

### 1.- Resultado da fase de prácticas:

De conformidade coa documentación aportada polo titular da xefatura do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, en calidade de responsable da organización e desenvolvemento do período de prácticas previsto na base terceira-A.3 das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo, este tivo unha duración dun mes e desenvolveuse do 26/08/2022 ao 25/09/2022, superándose 8 dos 9 candidatos favorablemente, acadando a condición de aptos.

Deixase constancia do falecemento durante o período de prácticas do candidato Jorge Corbacho Mauricio.

En relación coa cobertura da baixa do antedito aspirante, a base terceira-A3 das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo establecen respecto á fase previa -curso selectivo de formación- que *“Se algún aspirante causara baixa no curso sen que tivese transcorrido máis do 10% da duración total de horas lectivas, o Tribunal Cualificador poderá propor ao seguinte aspirante por orde de prelación, debendo superar o preceptivo recoñecemento médico e presentar a documentación esixida.”* En consecuencia, habendo transcorrido máis do 10% da duración total de horas lectivas do curso selectivo de formación (que desenvolveuse do 15/06/2022 ao 25/08/2022), non cabe a posibilidade de propor ao seguinte aspirante por orde de puntuación.

### 2.-Resultado final do proceso selectivo:

Rematada a derradeira fase deste proceso selectivo – período de prácticas- este Tribunal eleva a público o resultado final do proceso dos 8 candidatos que superaron o citado período de prácticas, ordenado por orde descendente da puntuación final acadada:

Apelidos e nome	A- Puntuación oposición	B- Puntuación ponderada oposición (60%)	C- Puntuación curso selectivo	D- Puntuación ponderada curso selectivo (40%)	Puntuación final resultante (B+D)	Período de prácticas (Apto/Non apto)
MORÍN JIMÉNEZ, ANTONIO	7,495	4,497	8,918	3,567	<b>8,064</b>	Apto
GONZÁLEZ NOYA, CLODIO	7,225	4,335	9,047	3,619	<b>7,954</b>	Apto
MAYO GIRAUT, BRAIS	7,293	4,376	8,824	3,530	<b>7,906</b>	Apto
PAZ SOBREIRA, DIEGO	7,241	4,345	8,888	3,555	<b>7,900</b>	Apto
SEOANE COUTO, ROBERTO	7,195	4,317	8,941	3,576	<b>7,893</b>	Apto
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, ELIAS	7,214	4,329	8,906	3,562	<b>7,891</b>	Apto
VILLAVERDE PARADA, YAGO	7,189	4,314	8,488	3,395	<b>7,709</b>	Apto
ROCA GONZÁLEZ, ADRIÁN	6,875	4,125	8,912	3,565	<b>7,690</b>	Apto

### 3.- Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira:



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

De conformidade coas bases específicas deste proceso selectivo, este Tribunal propón aos anteditos candidatos como os candidatos seleccionados para o seu nomeamento como funcionarios de carreira, dando traslado da mesma ao Servizo de Persoal do Concello de Santiago de Compostela, para que os eleve ao órgano competente para o nomeamento correspondente como funcionarios de carreira.

**4.-Conclusión do proceso selectivo:**

Declárase a conclusión do proceso selectivo por parte deste Tribunal, sen perxuízo dos prazos de recurso vixentes.

Contra os acordos feitos públicos mediante esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da presente publicación. Comunícase que o prazo de resolución é de tres meses; transcorrido dito prazo sen que recaia resolución poderá entenderse desestimado por silencio. Contra a resolución do recurso de alzada non poderá interpoñerse ningún outro recurso administrativo, salvo o de revisión; todo elo de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, a 26 de setembro de 2022

O Presidente do tribunal

Modesto Rouco Vilar

**Concello  
de Santiago de Compostela**  
Tribunal prazas bombeiro.  
Condutor  
Resolución conv. 03/09/2020